As rúbricas para a avaliación das destrezas comunicativas de produción oral e escrita, que constituen unha guía para a corrección obxectiva destas probas, que pola súa natureza poderían prestarse a subxectividade, serven para delinear criterios de avaliación consistentes, xustos e acertados. Os profesores do departamento faremos uso delas para que a nota do noso alumnado sexa o máis uniforme e xusta posible. As rúbricas axúdanlle tamén ao estudante a coñecer como se avaliará o seu proxecto, a súa presentación ou redacción independentemente do profesor que lle imparta clase.

O caderno do profesor onde se recollerán, non só as tarefas recollidas de traballos feitos na casa ou na aula (redaccións, exercicios, etc.) senón tamén a valoración da actitude do alumno: valorarase positivamente que o alumno demostre ganas de aprender (participando nas actividades orais, ofrecéndose voluntario para facer as distintas tarefas, etc.), valorarase o traballo feito na casa, o interese pola materia e a cultura anglófona, a utilización das novas tecnoloxías, que participe activamente nas actividades da aula (traballos por parellas, en grupos, diálogos, corrección de exercicios, etc).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Valorarase o grado de consecución dos obxectivos previstos aplicando a metodoloxía, tendo en conta a adquisición das competencias, os criterios de avaliación e utilizando os distintos instrumentos de avaliación. A calificación establecerase a partir do análise do aprendizaxe e do progreso nas actividades e tarefas realizadas polo alumnado.

A avaliación é continua polo que non haberá recuperacións e se terá en conta o progreso do alumno ao longo do curso. Os contidos procedementais fundamentalmente de tipo lingüístico e práctico son progresivos e acumulativos, pois todo o alumnado, non só o que suspende

unha avaliación, ten que dominar e dar conta do que aprendeu desde o principio do curso ata o final en cada unha das avaliacións. Os contidos iranse acumulando dunha proba na seguinte e a materia non superada nunha avaliación previa pódese dar por aprobada una vez superada a seguinte. Así, a nota final reflectirá todos e cada un dos aspectos tratados durante o curso escolar, así como os resultados de cada avaliación, incentivando o traballo persoal e a progresión nos coñecementos e nas actitudes do alumno con respecto a súa aprendizaxe.

O alumnado terá que:

1. Demostrar que posúe un certo dominio e equilibrio nas distintas destrezas que ten que resolver ao longo do curso. Este dominio terá que verse reflectido nas probas que ten que realizar ao longo de cada avaliación. As distintas partes das probas (Reading, Writing, Use of English, Vocabulary, Listening, Speaking) deberán estar compensadas. O feito de obter unha cualificación moi baixa nunha delas (un apartado en branco ou cunha nota inferior a 3) pode determinar que o alumno non poida ser cualificado de xeito positivo o penalizaría negativamente rebaixando en gran medida a nota acadada.
2. Evitar a reiteración de erros básicos.
3. Ter entregado, na data fixada, os traballos solicitados polo profesorado e ter traballado na aula.

Os exames e controis son unha etapa mais no proceso de aprendizaxe e son algúns dos instrumentos dos que o profesorado fará uso para comprobar que o alumnado é capaz de utilizar o aprendido durante o curso. Comezase o curso realizando unha avaliación inicial para coñecer o nivel real do grupo. Neste ciclo o alumnado é moi heteroxéneo tanto en idade como en intereses e formación e iso afecta o nivel do grupo.

As preguntas dos exames irán acompañadas do seu baremo e o alumnado coñecera o porcentaxe que o exame terá na súa nota de avaliación. Ademais, os profesores utilizarán unhas rúbricas ou indicadores de corrección para avaliar as distintas destrezas, que serán coñecidas polos alumnos e alumnas (máis adiante nesta programación). Preténdese con isto que haxa homogeneidade entre o profesorado que imparte un mesmo nivel e que se consiga acadar unha calibración satisfactoria.

Si o alumno non se presentase a algún exame (digamos listening ou speaking), non poderá aprobar a avaliación por non ten acreditado a súa competencia nesas destrezas. Só se lle admitirá unha causa xustificada (informe médico, defunción dun familiar, etc) como eximente por non presentarse.

PUNTOS A VALORAR E TER EN CONTA PARA A NOTA FINAL DO ALUMNADO:

Atención, participación e traballo diario na aula. Esfuerzo continuado (Traballo na aula: Sempre; Habitualmente; Algunhas veces; Case nunca; Nunca.)

Intervencións orais durante a clase (respostas, exposicións orais, lectura de textos escritos...).

Exercicios escritos feitos na clase o casa, tanto a súa realización coma a súa corrección unha vez vistas as solucións. Desenvolvemento de actividades extras propostas polo profesor. (Traballo fora da aula: Sempre; Case sempre; Algunhas veces; Case nunca; Nunca.)

Respeto polos prazos sinalados para a presentación de traballos escritos (proxectos, redaccións, etc). Aqueles traballos dos que se sospeite autoría allea ao alumno serán cualificados con 0.

O alumnado ten dereito a facer un exame final global para os alumnos que non conseguiron acadar o aprobado na última avaliación.

O exame será do mesmo tipo cos exames escritos realizados ao longo do curso, e dicir, constará das mesmas partes ou destrezas, así coma das mesmas porcentaxes mencionadas con anterioridade neste apartado da programación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Non se establecerá ningún procedemento de recuperación dado que o alumnado que cursa 1º de CM pasa á esta etapa educativa sen materias pendentes.

En lingua inglesa non hai recuperación da materia nas distintas avaliacións ao ser avaliación continua. No caso de que un alumno suspenda a primeira avaliación e aprobe a segunda, xa aprobaría todo o curso, en caso contrario, é dicir, se aproba a primeira e suspende a segunda, tería que facer un exame global ao final do curso para recuperar a materia

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para acadar unha cualificación positiva o alumnado deberá superar as probas correspondentes a cada destreza, ademais de entregar as tarefas propostas nos parámetros indicados e en tempo e forma. Se isto sucede, o alumno superará a materia cunha nota media correspondente.

O procedemento para a realización da proba de avaliación continua será o mesmo que o utilizado no resto do curso, nas probas de avaliación ordinarias.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Por medio das reunións periódicas procederase ao seguimento da programación de cada curso. Nestas reunións analizaranse os problemas atopados no proceso de ensino aprendizaxe e valorarase a necesidade de cambios e axustes na programación. Neste senso, o profesor poderá acordar a modificación da programación, especialmente no que se refire a temporalización e realización dos contidos propostos, especialmente cando, por distintas causas -acumulación de días non lectivos, folgas, actividades extraescolares, etc.-, non é posible acadar os obxectivos de cada trimestre, ou porque no momento de poñelos en práctica consideremos que un determinado grupo ou nivel presenta máis dificultades ou precisa máis tempo para reforzar os contidos aprendidos.

Outro dos cometidos destas reunións é a de establecer medidas de reforzo para aqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades na materia, de xeito que se podan poñer ao nivel do resto do grupo ou acaden, polo menos, os contidos mínimos. Tódolos axustes e cambios necesarios atopados nestas reunións de seguimento serán tidos en conta na realización da programación didáctica do próximo curso.

A práctica docente será avaliada polo alumnado mediante o procedemento de enquisas de satisfacción docente. O profesor analizará os resultados destas enquisas e sacará as conclusións pertinentes co fin de mellorar a súa práctica docente e avaliar a marcha do proceso educativo.

O alumnado valorará mediante ESCALA 1 2 3 4 as seguintes cuestións:

1. Como normal xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrecense a cada alumno as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades e medidas de mellora atendendo a diversidade
4. Utilízanse diferentes estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
5. Poténciase estratexias de animación ao aprendizaxe do inglés.
6. Incorporanse as TIC aos procesos de ensino- aprendizaxe.
7. Poténciase estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
8. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc

10. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
11. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado e motivalo.
12. Usáronse distintos e adecuados instrumentos de avaliación
13. Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado na aula e na casa.
14. Adecuouse a programación didáctica ao contexto da aula
15. Traballáronse os temas transversais
16. Alcanzáronse os obxectivos da materia
17. O programa de recuperación de alumnos pendentes foi satisfactorio
18. A práctica docente foi satisfactoria
19. A temporalización das unidades didácticas foi a correcta
20. Os resultados da avaliación foron satisfactorios

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Realizaráse un exame de diagnóstico de todas as destrezas (comprensión e expresión escrita e expresión oral e escritas, máis uso da lingua) para valorar o nivel xeral da clase.

Comezaráse o curso realizando unha avaliación inicial co fin de valorar os coñecementos previos dos alumnos e alumnas. Se contrastará sus diferentes procedencias, os anos que levan sen contacto co inglés e o nivel inicial que o grupo ten. Utilizamos como modelo as probas propostas polos manuais de cada nivel, avaliando os cinco bloques de contidos.

A avaliación inicial ou de diagnóstico ten como finalidade adecuar as ensinanzas da nosa materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Os obxectivos que pretendemos con dita avaliación son:

- obter información sobre os coñecementos previos dos nosos alumnos na materia de inglés
- propoñer actividades posteriores de acordo á situación de partida.
- iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Cando se detecta unha deficiencia xeneralizada nalgún dos puntos, entendemos que ese contido non está asimilado, polo que a medida que adoptamos é a de tratar dito elemento lingüístico como algo novo ou casi novo.

Esta proba de avaliación inicial daranos unha idea aproximada da situación do grupo para atender á diversidade. Enténdese por medidas de atención a diversidade o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo intentan dar resposta ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada en moitos casos de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica, ou sensorial.

As actuacións máis cotiás son as que se refiren por unha banda ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, e por outra aos que teñen algún tipo de discapacidade sensorial, fundamentalmente, problemas de vista ou audición. Clases con alumnado con diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma.

En moitas ocasións conviven nas aulas alumno/as que tiveron contacto coa lingua hai moito tempo e perderon contacto con calquer tipo de aprendizaxe, e alumno/as que presentan niveis homoxéneos de competencia dentro das catro destrezas.

A solución ao problema dos distintos niveis de competencia dentro do mesmo curso non é doada. Calquer intento de solución ten que pasar pola cooperación entre eles. O traballo en parellas ou grupos é fundamental se queremos involucrar a todos os membros da clase. Xuntar a alumnos/as con distintos niveis de competencia asegura unha participación óptima nas actividades de clase.

Outra acción educativa que pode ter resultados productivos é a de traballo por medio de proxectos. Este tipo de traballo pode funcionar positivamente cando se xuntan grupos de distinto nivel, pero tamén con grupos homoxéneos, o que lle proporciona a cada grupo o nivel adecuado de dificultade e impide que se vexan desmotivados, pola excesiva facilidade da tarefa nun caso ou dificultade noutra. Non debemos esquecer o uso das TIC como ferramenta da autoaprendizaxe, que lle permite ao alumnado determinar o seu propio ritmo e intereses, mediante a realización de actividades autocorrixibles, ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua.

Outro aspecto a traballar refírese ao traballo de casa. Se debe ter en consideración os distintos niveis de competencia para que sexa efectivo. É importante que a existencia da tarefa estea en consonancia co nivel de competencia do alumno/a.

A inclusión de actividades complementarias (remedial work, repetitive activities and expansion activities) dentro da aula é fundamental para solucionar o problema dos alumnos con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que os menos avanzados teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis avanzados dispoñan de material extra.

O profesorado debe achegar aos alumnos que o desexan material suplementario para que poidan practicar pola súa conta, xa que o estudo dunha lingua consiste fundamentalmente na práctica. Para isto, o profesor poderá facilitar fotocopias, ligazóns, material de audio, etc.

Alumnado con discapacidades sensoriais

Aínda que algunhas das estratexias mencionadas anteriormente poden ser válidas tamén para estudantes con algunha discapacidade, queda claro que esta situación presenta outros problemas adicionais, que en moitos casos afectan ao resto do alumnado, ao profesor, e que lle impiden ao alumnado discapacitado enfrentarse con éxito ás actividades e levar o ritmo da clase.

Para evitar todo isto, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa para integrar a certo tipo de alumnado, dándolles a aqueles con algunha discapacidade visual ou auditiva a oportunidade de participar. Un achegamento multisensorial, onde se integren as catro destrezas de leer, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito.

Outro tipo de solución pasa por facer unha distribución da clase de xeito que o alumnado con discapacidades auditivas poida escoitar ao profesor ou o material auditivo con máis facilidade e os que teñen discapacidades visuais poidan ver o escrito na pizarra máis claramente. As actividades fotocopiáveis e os exames pódense entregar tamén en un formato máis grande (A3 en lugar de A4, por exemplo), e o uso de auriculares individuais ou a utilización do laboratorio podería solucionar os problemas do alumnado con discapacidade auditiva.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

Daránse exercicios de reforzo a aquelas persoas que presenten deficiencias no manexo da lingua estranxeira para que podan poñerse ao nivel dos seus compañeiros. Asemesmo, tamén teránse en conta a aqueles alumnos que presenten un nivel superior ao resto da clase, co fin de que sigan motivados na aprendizaxe da lingua inglesa.

O alumnado que non responda aos obxectivos programados poderá recibir unhas medidas de reforzo que consistirán en traballo extra para realizar na casa (remedial work and expansion activities) O profesor correxirá este traballo e explicará os erros cometidos. O uso das TIC pode tamén formar parte destas medidas de reforzo, co uso de exercicios de autocorrección ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua. Os alumnos reforzarán as áreas onde atopen carencias . O profesor pode tamén facilitar ligazóns recomendables, material de audio, etc.

O traballo por proxectos pode funcionar positivamente cando se xuntan alumnos de distinto nivel para suplir posibles lagoas ou desmotivacións presentes nos membros do grupo.

Se nos decatásemos de que os alumnos necesitan máis tempo para obter un bo resultado nos exames, dividiríamos os exames en diferentes sesións para proporcionarlles ese tempo extra necesario.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Proveránse situacións de respecto por outras culturas, evitando comportamentos sexistas, homófobos ou racistas na aula en todo momento.

Os temas transversais son procesos activos e permanentes que pretenden informar e formar o alumnado. Responden a situacións patentes no ámbito social e que inciden na dimensión ética e persoal de interese común da sociedade. Estas ensinanzas transversais entran no campo da Educación de Valores, tan importantes para o desenvolvemento persoal do alumnado como para un proxecto de sociedade libre e pacífica, respectuosa cara ás persoas, animais e natureza. E unha linguaxe igualitaria, aberta e respectuosa deberá estar sempre presente na docencia.

O enfoque educativo deste Departamento permite contemplar a totalidade dos temas transversais con maior ou menor intensidade.

Temas y contenidos posibles

Educación para á paz : ten por obxectivo xeral aprender actitudes básicas para unha convivencia libre, democrática e solidaria.

Os valores propostos son:

- comprensión , aceptación e respecto cara ós demais.

- apertura e flexibilidade ante as opinións dos outros
- toma de conciencia dos problemas de violencia e inxustiza existentes.

Educación para la igualdad entre sexos : desterrar o tratamento discriminatorio que sofren as persoas en función do seu sexo .

Os valores propostos son:

- actitude crítica ante os prexucios sexistas na sociedade e nos medios de comunicación.
- rexeitamento de todo tipo de actitudes sociais discriminatorias.
- cuidado no emprego dun léxico non sexista.

Educación ambiental: capacitar ao alumnado para a comprensión do medio no que están inmersos .

Os valores propostos son:

- toma de postura coherente a favor do medioambiente e en contra da crueldade cos animais domésticos.
- tomar conciencia das asociacións protectoras da flora e fauna.

Educación cívica :desenvolver acontecidos actitudinais de interese, respecto e valoración referidos as linguas e as súas variedades , as diferentes culturas.

Os valores propostos son:

- comprensión e respecto cara ás demais culturas.
- aceptación do intercambio de ideas, costumes distintas.
- apertura e dispoñibilidade para o intercambio no mercado de traballo.

Educación del consumidor: dotar ó alumnado de análise crítica fronte ás ofertas da sociedade de consumo.

Os valores propostos son:

- actitude crítica fronte a todo tipo de incitación ó consumo.
- uso responsable dos recursos.
- actitude crítica fronte as mensaxes publicitarias.

Educación para á saúde : potenciar actitudes que permitan unha mellor calidade de vida.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O alumnado deste ciclo xa programadas moitas actividades (neve, covas, andainas, mar...) relacionadas con deportes de aventura para que aprendan como xestionais.

Tense en proxecto a contratación dun grupo de teatro con actores nativos que representarían unha obra en inglés para os nosos alumnos.

Outra posibilidade sería levar aos nosos alumnos a representacións no teatro ou ao cine en VO en Vigo ou Vilagarcía. Existe tamén a opción de poñer películas en versión orixinal, con subtítulos en inglés no centro. Proxectaríanse películas que fosen do agrado do alumnado relacionadas co mundo do mar e que non tivesen unha comprensión difícil.

10.Outros apartados

10.1) METODOLOXÍA

O obxectivo último da aprendizaxe dunha lingua estranxeira é que o alumno alcance de forma progresiva o maior grao de competencia comunicativa, é dicir, que poida utilizala para comprender, falar e conversar, ler e escribir. Atribúese gran importancia á interacción no uso e a aprendizaxe da lingua, pois esta non é só o medio pero senón tamén o obxectivo final da aprendizaxe.

A aplicación de métodos e tarefas globalizados debe contribuír á motivación do alumno e facer que valore a importancia que ten o inglés no mundo. As tarefas simuladas ou reais en inglés débense centrar na acción. O alumno debe ligar as súas competencias adquiridas anteriormente de maneira que perciba ou imaxine a situación e leve a cabo a tarefa que ten que realizar nun contexto específico.

O método comunicativo será un referente en traballo de aula xa que pretendemos que o inglés se use esencialmente para mellorar a competencia comunicativa no alumno. Desta maneira será capaz de empezar falando sobre si mesmo para acabar conseguindo un dominio en lingua estranxeira que lle permita desenvolverse en contextos reais. Unha actividade comunicativa concreta require a utilización das destrezas discursivas no medio oral e escrito e o uso de recursos e estratexias de comunicación, lingüísticas e nonlingüísticas, pertinentes para o contexto en que ten lugar.

O ensino da lingua inglesa debería poñer a énfase no recoñecemento da pluralidade de linguas e culturas, aprendendo desde o respecto e favorecendo o desexo de aprender e a que o alumno se comprometa coa súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua estranxeira ha de contribuír a valorar outras linguas e culturas e, ao mesmo tempo, a lingua ou linguas propias.

A atención á diversidade do alumno con diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe se levará a cabo mediante a combinación de actividades que comezan por actividades de presentación, explicación, exercicios e actividades de explotación en inglés. Débese controlar a diversidade do alumnado para adaptar as tarefas ás posibles dificultades dos alumnos e contribuír así á superación das mesmas.

A inclusión das Tecnoloxías da Información e a Comunicación cobra unha dimensión pedagóxica máis aló da información e a comunicación. Esta utilización ofrece ao alumnado un alto protagonismo para explorar as posibilidades de aprender, de comunicarse, de buscar e compartir información. O seu uso debe estar incluído nas nosas prácticas de maneira planificada, coñecendo o contido e a finalidade que se quere dar.

A aprendizaxe do inglés debe ter lugar nunha contorna positiva onde se premia máis o esforzo por comunicarse e onde o alumno non teña medo a cometer erros na consecución dos seus obxectivos. Diseñaranse actividades que reforcen a comunicación, a necesidade de crear contextos reais aínda que sexan simulados: diálogos, presentacións, escoita activa en diferentes contextos, lectura de diferentes tipos de texto, escritura para comunicarse con outros para conseguir diferentes propósitos. É de suma importancia no traballo de aula fomentar o traballo en equipo onde o alumno sexa o protagonista da aprendizaxe xunto cos seus compañeiros cos que comparte e colabora, e o profesor sexa un guía na devandita tarefa.

As sesións dedicadas ao ensino desta lingua desenvolveranse na súa totalidade en inglés. O alumno aprenderá a lingua estranxeira inglesa mediante a participación directa en tarefas elaboradas no devandito idioma, mediante o estudo individual e mediante a combinación de presentacións, explicacións e exercicios así como realizando actividades de explotación que poñan en valor as estruturas sintáctico - discursivas.

Os alumnos aprenderán a través dunha exposición directa a un uso auténtico do idioma, colocando ao alumno, sempre que se poida, cara a cara co falante ou falantes nativos, proporcionando conversacións, escoitando a radio, gravacións, vendo e escoitando a televisión, vídeos, internet, lendo textos escritos auténticos (xornais, revistas, rótulos publicitarios), utilizando programas de ordenador, aplicacións informáticas, participando en vídeo conferencias, conectándose a Internet de maneira dirixida e controlada polo profesor.

Levaremos a cabo un ensino real, posible e certo facendo fincapé en tres aspectos:

1. Motivación: os alumnos aprenden mellor cando están interesados no material co que traballan. Por iso seleccionáronse temas, textos e actividades que animan e interesan ao alumno emocional e intelectualmente. Trátase de ver cousas que forman parte da súa vida e das súas experiencias. Un alumno motivado adoita ser un alumno que consegue os seus obxectivos.
2. Memorización: A memoria é unha das condicións necesarias para que teña lugar a aprendizaxe. O pouco tempo que se dispón durante o curso fai que ás veces non se poida repasar o xa aprendido. Por esta razón, reciclaremos a linguaxe para actualizar e lembrar tanto gramática como vocabulario.

10.2) PROTOCOLO COVID

Modificación das actividades xerais e complementarias debido ao COVID 19

No caso dunha corentena ou confinamento, farase uso das Aulas Virtuais e da App Abalar Móbil para continuar cos contidos e obxectivos indicados con anterioridade, facendo en todo momento un seguimento do alumnado a través de tarefas, presentacións, gravacións de audio, etc. O alumnado recibirá feedback e correccións do que se lles pida en todo momento. Para aqueles que necesiten un reforzo na materia de inglés, o profesorado encargado ofrecerá material de apoio e unha atención máis personalizada na Aula virtual se fose necesario.

As actividades extraescolares pasarían a ser suspendidas pola situación COVID 19 para garantir a seguridade de toda a comunidade educativa.

Ensinanza Telemática. Criterios Avaliación

O modo de prover o dereito a educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, farase a través de mecanismos que o profesorado terá que adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado. Todos os módulos terán a súa aula virtual. En caso de corentena dalgún alumno/a, o centro intentará proporcionar un ordenador portátil a aqueles alumnos/as que xustifiquen que non teñen medios para compralo.

Uso de Abalar Móbil como medio de comunicación.

Exames / Tareas nas Aulas Virtuais, seguindo os criterios de avaliación e porcentaxes descritos nesta programación.

Escenarios de semi - presencialidade

Podárense deseñar escenarios de semi - presencialidade cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual, promovendo o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática.

Os centros poderán determinar que existan no horario dos ciclos franxas horarias que permitan que o alumnado sen asistir ao centro educativo poida realizar a formación de forma telemática, cos seguintes límites: No réxime de ordinario, ata un máximo dun 20 % das horas lectivas de centro educativo de cada curso (en segundo non se terá en conta a FCT), e simultaneamente ata un máximo do 50 % da duración do módulo.

Na materia de Inglés, a través da aula virtual, o profesorado fará un seguimento do alumnado cumprindo cos contidos, obxectivos e tarefas propostas para este curso académico.

Recreos

Flexibilizárase a hora dos recreos, respectando o período de descanso total do alumnado de 40 minutos na xornada de mañá. Para evitar aglomeracións nas horas dos recreos establecidas no horario xeral de mañá, cada docente, en colaboración co resto do profesorado do día para cada grupo, intentará establecer unhas horas dos recreos distintas ao do horario xeral, en función do número de sesións continuas que teña con cada grupo, e respectando as sesións do horario xeral do centro para non interferir nos horarios do resto do profesorado.